



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Kasado, n.º 17.  
Oficina 10. 36209 Vigo  
secretaria@fedgalmon.gal – 986 208 758 – fedgalmon.gal



DEPORTE  
GALEGO

### **CIRCULAR: 23/2023, ACORDO DE PROTECCIÓN DE DATOS DA FGM COS CLUBS INSCRITOS NA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO (FGM) ASÍ COMO TRABALLADORES, PERSOAL DOCENTE, PROFESIONAIS E EMPRESAS CONTRATADAS POLA FGM.**

En relación á lexislación vixente Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais en diante (LOPDGDD) e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RXPDP).

Atendendo á normativa citada, emítase a presente circular para dar cumprimento ao disposto no artigo 28.8 do RXPDP e no 5 da LOPDGDD que obriga aos encargados de tratamento, isto é, clubs que integran a federación e empresas prestadoras de servizos a regular a relación que os une a través dun acto xurídico, así como aos traballadores e membros da federación para subscribir unha acordo de confidencialidade tal como fixa o artigo 5 da LOPDGDD.

Para dar cumprimento co exposto, enviarase desde a dirección de correo [nossolucions.privacydriver@privacydriver.com](mailto:nossolucions.privacydriver@privacydriver.com) o citado documento que terá que ser asinado dixitalmente a través do mecanismo que ofrece a propia plataforma.

**Para este proceso establécese un prazo dun mes dende o día que se envíe o correo electrónico co documento. Desexamos indicar que no caso de non ser asinado este documento, os clubs non poderán dar de alta as licenzas.**

Os traballadores da oficina da FGM, teñen un prazo de 15 días hábiles para asinar o acordo de protección de datos.

No caso das empresas que xa estean prestando servizos á FGM, teñen 15 días hábiles. No caso de empresas ou terceiros que presten servizos á FGM, a partir da sinatura desta circular, deben asinar o acordo de protección de datos antes de realizar o servizo.

Vigo, 21 de xullo de 2023

O secretario

V.º e praxe

A presidenta

Anxo Manuel Fernández Saborido

Josefina Maestu Almeida